

De cara aos orzamentos do vindeiro ano, vanse confirmando os peores presaxios:

A Conselleira de Facenda di:

“A Xunta de Galicia está a elaborar os orzamentos para 2011 coa previsión de que o gasto non financeiro terá que reducirse en case 950 millóns de euros, un 8,6%,”



MANTEMENTO DA CONXELACIÓN SALARIAL

MINORACIÓN ORZAMENTOS PARA SAÚDE

CIG-Saúde xa denunciaba os orzamentos do 2010 por mor de que

A XUNTA DE GALICIA E O SERGAS EXTRANGULABAN Á SANIDADE PÚBLICA

Coa publicación dos Orzamentos 2010 a Xunta de Galicia, en particular A CONSELLERÍA DE SANIDADE puñan enriba da mesa dun xeito moi claro QUE NON APOSTABAN POLA SANIDADE PÚBLICA, os datos non deixaban lugar á dúbidas: os orzamentos decrecían nun 3,3% ao respecto dos de 2009.

Con esa anemia orzamentaria que outra cousa poderíamos esperar, máis que o que xa está acontecendo:

- En Atención Primaria paralización do Plan Mellora coa conseguinte amortización de vacantes, perpetuación da precariedade laboral, redución das contratacións e recuperación dos contratos precarios día a día, incremento da dificultade para captar e reter aos profesionais.
- En Atención Especializada as mesmas dificultades de precariedade nos contratos que en Atención Primaria, pero a maiores e o máis grave con diferenza é a introducción dos modelos PFI (Iniciativa de Financiación privada), que veñen a acabar co que coñecemos como ESTADO DO BIENESTAR, debido a un cambio cualitativo brutal como é a introducción do ÁNIMO DE LUCRO NA SANIDADE.

¿Qué propomos de cara aos orzamentos do 2011, para paliar a situación?

MEDIDAS NECESARIAS

- **Mantemento das COTIZACIÓNS DA SEGURIDADE SOCIAL, na cantidade anterior as disposicións normativas que rebaixaron o soldo do persoal estatutario e funcionario.**
- **Recuperación das pagas extraordinarias completas.**
- **Previsión de medidas que contemplan a recuperación do poder adquisitivos do persoal estatutario e funcionario. (Acordo retributivo 2008/2012, Carreira Profesional)**
- **Non restricción do emprego público.**
- **Iniciativas necesarias para a xubilación parcial e anticipada.**
- **Recuperación do Plan Mellora de Atención Primaria.**

MEDIDAS COMPLEMENTARIAS

- **Actuacións sobre o fraude fiscal.**
- **Mellorar o control sobre a xestión do gasto e as subvencións públicas.**
- **Revisión do modelo de tributación.**
- **Recuperación dunha banca pública, e imposición dunha taxa ás transferencias internacionais.**
- **Redución orzamentos militares.**
- **Salvagarda dos dereitos básicos: Alimentación, sanidade, educación, vivenda.**

É necesario que nos organizemos, outros modelos son posibles, temos que ter presente que só mediante a presión social conseguiremos parar esta brutal agresión ao sistema público de saúde, iniciada cos orzamentos do 2010 e que de non remedialo seguirá cos orzamentos do 2011

